



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DISEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (DEPORTES)

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIONES DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DISEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (DEPORTES) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO CUARTO TRIMESTRE DO ANO 2024.

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, faise pública a relación de subvencións directas, nominativas e de carácter excepcional, tramitadas pola Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica (Deportes) da Excma. Deputación Provincial de Lugo no cuarto trimestre do ano 2024.

Entidade	CIF	Tipo subvención	Finalidade	Aplicación orzamentaria	Importe	Órgano de aprobación
MURALLA RUGBY CLUB	G27103423	NOMINATIVA	SUBVENCIÓN GASTOS DE TEMPADA	3410/48900	10.000,00 €	PRESIDENCIA
MOTOPARK LUGO	G27495316	NOMINATIVA	CAMPEONATO ESPAÑA MOTOCROSS	3410/48900	70.000,00 €	PRESIDENCIA
FEDERACION GALLEGA DE ATLETISMO DE LA CORUÑA	G15103500	EXCEPCIONAL	FOTO FINISH	3410/789	20.000,00 €	XUNTA DE GOBERNO
ALCER LUGO	G27015866	EXCEPCIONAL	PRIMEIRA CARREIRA SOLIDARIA POLA DOAZÓN DE ÓRGANOS E TECIDO ALCER LUGO: DONAR ES AMAR	3410/48911	3.000,00 €	PRESIDENCIA
FEDER. GALLEGA DE PIRAGUIZMO PONTEVEDRA	G36040764	EXCEPCIONAL	PARTICIPACIÓN DOS PADEXEIROS/AS DA PROVINCIA DE LUGO NO II CAMPIONATO DE ESPAÑA SLÁLÓM E CAIAC CROSS, XÓVENES PROMESAS FF.AA.CESA E II CAMPIONATO DE ESPAÑA SPRINT, XÓVENES PROMESAS FF.AA.CESA	3410/48911	3.000,00 €	PRESIDENCIA
CLUB RIBEIRA FUTBOL SALA	G27342005	EXCEPCIONAL	FASE FINAL CAMPIONATO ESPAÑA ALEVÍN FÚTBOL SALA	3410/48911	2.000,00 €	PRESIDENCIA
CLUB DH GALICIA	G27421064	EXCEPCIONAL	I DIRT JUMP VILA DE SARRIA	3410/48911 3410/789	10.000,00 €	PRESIDENCIA
FEDERACION GALEGA DE CICLISMO	G36644870	EXCEPCIONAL	CAMPIONATO DE GALICIA CONTRA O RELOXO INDIVIDUAL	3410/48911	4.800,00 €	PRESIDENCIA

Lugo, 26 de decembro de 2024.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023 O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 4192

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS*Anuncio*

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 27 DE DECEMBRO DE 2024 NA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA AMPLIAR A LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL PARA PRESTAR SERVIZOS EN PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS DE ATS/DUE.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de decembro de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

*Visto que, logo de efectuar consulta na Sección de Selección, Promoción e Carreira do Servizo de Recursos Humanos desta entidade, neste momento non existen efectivos que se poidan incorporar a prestar servizos na listaxe de emprego temporal de ats/due, constatándose a necesidade de que a Entidade amplíe a listaxe existente para poder atender as necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación, conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 -prorrogada para o exercicio 2024 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española, “Se a Lei de Orzamentos non se aprobase antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, consideraranse automaticamente prorrogados os Orzamentos do exercicio anterior ata a aprobación dos novos”, propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), **ACORDE:***

1º Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a ampliación da listaxe de emprego temporal vixente de Ats/Due, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

2º Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados), aprobadas na Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020, publicadas no BOP número 079 de 6 de abril de 2020 e na Xunta de Goberno de 10 de xullo de 2020 publicadas no BOP número 161 de 15 de xullo de 2020, así como na web corporativa www.deputacionlugo.gal, apartado emprego público-RRHH-selección temporal.

3º Aprobar as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a ampliación da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

4º Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

6º Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación ,sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA A AMPLIACIÓN DA LISTAXE DE EMPREGO PARA PRESTAR SERVIZOS TEMPORAIS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS DE ATS-DUE.

1. OBXECTO DAS BASES ESPECÍFICAS:

O obxecto das presentes bases específicas é complementar as Bases Xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados) aprobadas na Xunta de Goberno de 13.03.2020 (BOP núm. 079, do 6.04.2020), corrección de erros aprobados na Xunta de Goberno de 10.07.2020 (BOP núm. 161, do 15.07. 2020).

2. CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO DA LISTAXE QUE SE CONVOCA:

DENOMINACIÓN	GRUPO	SUBGRUPO	ADSCRICIÓN	RETRIBUCIÓNS
ATS-DUE	A	A2	Ás distintas Unidades Administrativas, que requiran das ditas funcións, unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.	As retribucións a percibir serán as correspondentes á praza e a o posto de nivel de entrada.

3. COMETIDO FUNCIONAL:

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, a/s persoa/s ocupante/s realizará/n as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

4. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO.

Ademais do sinalado na base xeral 4, as persoas aspirantes deberán estar en posesión da seguinte titulación académica, de acordo co artigo 76 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

Graduado ou diplomado universitario en Enfermería.
--

5. NIVEL DE GALEGO ESIXIDO:

CELGA 4.

6. PROGRAMA**A) MATERIAS COMÚNS.**

1. A Constitución Española de 1978 e principios xerais desta. O Estatuto de Autonomía de Galicia.
2. Principios de actuación das Administracións Públicas. A modernización da Administración Pública e a calidade na prestación dos servizos. A administración electrónica.
3. As fontes do Dereito Público na Administración Local. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Os dereitos das persoas nas súas relacións coas administracións públicas.
4. Os dereitos da persoa interesada no procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo común: iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución.
5. A provincia no réxime local. A Deputación de Lugo e as súas competencias. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.
6. O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. Dereitos e deberes dos empregados públicos. O código de conduta. Principios éticos e de conduta. A responsabilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

7. O Modelo de Atención Centrada na Persoa na atención e coidados socio-sanitarios. O rol do profesional de enfermería no Modelo de Atención Centrado na Persoa
8. Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia. Dereitos sanitarios relacionados coa: integridade e intimidade da persoa; co acompañamento do/a paciente; coa autonomía de decisión; confidencialidade e información; con la documentación sanitaria. Dereitos relacionados coa prestación de servizos sanitarios por parte do Sistema Público de Saúde de Galicia.
9. Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia. A atención farmacéutica nos centros socio-sanitarios. Os depósitos de medicamentos e produtos sanitarios. O papel da enfermería e relación cos medicamentos nos centros socio-sanitarios.
10. Regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores: requisitos mínimos de persoal e condicións técnicas. RUEPSS, rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios de Galicia, etc.

11. A atención xerontolóxica centrada na persoa. Historia e proxecto de vida. O Plan de Atención Individual nos centros de atención ás persoas maiores. A folia de ruta persoal.
 12. Valoración xeriátrica integral; valoración funcional. Valoración mental. Valoración social. Valoración clínica. Escalas e instrumentos.
 13. Plans de Coidados en Xeriatria. Plan de Atención Individual.
 14. Xeriatria preventiva e coidados básicos no maior. Actividade Física, vacinacións, control de factores de risco.
 15. Alimentación no maior. Necesidades nutricionais especiais. Nutrición enteral e parenteral. Malnutrición. Deshidratación e alteracións hidroelectrolíticas.
 16. Utilización de fármacos no maior. Modificación farmacocinética e efectos adversos. Saúde bucodental no maior.
 17. O pé da persoa maior. Vasculopatías periféricas, neuropatías e amputacións. Problemas cutáneos no maior.
 18. As síndrome xeriátricas. Tipos, factores de risco e prevención e tratamento.
 19. Coidados de vías, sondas e drenaxes. Rexistros e actuacións.
 20. Osteoporose e fracturas no maior. Prevención, tratamento e coidados.
 21. Úlceras por presión. Infeccións no maior. Coidados da persoa con infección.
 22. Deprivación sensorial. Alteracións sensoriais no maior.
 23. Alteración das constantes vitais: hipotermia, hipotensión, oliguria.
 24. Trastornos Cardiovasculares. Factores de risco e patoloxía máis frecuente. Coidados da persoa con ACV. Coidados da persoa con Insuficiencia Cardíaca.
 25. Trastornos respiratorios máis frecuentes no maior. Coidados da Enfermidade Obstrutiva Crónica. A dor crónica no paciente xeriátrico.
 26. Trastornos dixestivos máis frecuentes no maior. Trastornos renais e urolóxicos máis frecuentes no maior.
 27. Trastornos endocrinolóxicos e metabólicos máis frecuentes no maior. Coidados da persoa con Diabetes Mellitus Tipo 2
 28. Trastornos neurolóxicos máis frecuentes no maior. Coidados na enfermidade de Parkinson.
 29. Trastornos osteoarticulares máis frecuentes no maior. Coidados dos reumatismos inflamatorios e dexenerativos.
 30. Coidados de enfermaría ao final da vida no modelo de Atención centrado na persoa. Os coidados paliativos. A Lei Orgánica 3/2021 de regulación da eutanasia. Protocolo do Sergas sobre o procedemento para a realización da prestación de axuda para morrer.
- Lugo, 30 de decembro de 2024.- O SECRETARIO XERAL, P.S. Secretaría-Interventora do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, Montserrat Conde López.

R. 4209

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 27 DE DECEMBRO DE 2024 NA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA AMPLIAR A LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL PARA PRESTAR SERVIZOS EN PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS DE TERAPEUTA OCUPACIONAL.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de decembro de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Visto que, logo de efectuar consulta na Sección de Selección, Promoción e Carreira do Servizo de Recursos Humanos desta entidade, neste momento non existen efectivos que se poidan incorporar a prestar servizos na listaxe de emprego temporal de terapeuta ocupacional, constatándose a necesidade de que a Entidade amplie a listaxe existente para poder atender as necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación, conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 -prorrogada para o exercicio 2024 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española, "Se a Lei de Orzamentos non se aprobase antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, consideraranse automaticamente prorrogados os Orzamentos do exercicio anterior ata a aprobación dos novos", propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), **ACORDE:**

1º Aprobado a convocatoria do procedemento selectivo para a ampliación da listaxe de emprego temporal vixente de Terapeuta Ocupacional, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

2º Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados), aprobadas na Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020, publicadas no BOP número 079 de 6 de abril de 2020 e na Xunta de Goberno de 10 de xullo de 2020 publicadas no BOP número 161 de 15 de xullo de 2020, así como na web corporativa www.deputacionlugo.gal, apartado emprego público-RRHH-selección temporal.

3º Aprobado as bases específicas, que complementarían ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a ampliación da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

4º Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

6º Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita."

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA A AMPLIACIÓN DA LISTAXE DE EMPREGO PARA PRESTAR SERVIZOS TEMPORAIS EN PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS DE TERAPEUTA OCUPACIONAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

1.- OBXECTO DAS BASES ESPECÍFICAS

O obxecto das presentes bases específicas é complementar as Bases Xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados)) aprobadas na Xunta de Goberno de 13.03.2020 (BOP núm 079, do 06.04.2020), corrección de erros aprobados na Xunta de Goberno de 10.07.2020 (BOP núm. 161, do 15.07. 2020).

2.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO DA LISTAXE QUE SE CONVOCA

DENOMINACIÓN	GRUPO	SUBGRUPO	ADSCRICIÓN	RETRIBUCIÓN
TERAPEUTA OCUPACIONAL	A	A2	Centros de Atención aos maiores da Provincia de Lugo así como as distintas Unidades Administrativas que requiran das ditas funcións especializadas, unha vez motivada a preceptiva necesidade urgente e inaprazable da incorporación.	As correspondentes á praza e ao posto de nivel de entrada.

3.- COMETIDO FUNCIONAL

En canto ao contido funcional da praza/posto/emprego que se convoca será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo ou, se é o caso, na disposición que a substitúa.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoas que exerza a superioridade xerárquica.

4.- REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO

Ademais do sinalado na base xeral 4, as persoas aspirantes deberán estar en posesión da seguinte titulación académica, de acordo co artigo 76 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

Grado ou Diplomatura universitario en Terapia Ocupacional

5.- NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: Celga 4

6.- PROGRAMA

A) MATERIAS COMÚNS

- 1.- A Constitución Española de 1978 e principios xerais desta. O Estatuto de Autonomía de Galicia.
- 2.- Principios de actuación das Administracións Públicas. A modernización da Administración Pública e a calidade na prestación dos servizos. A administración electrónica.
- 3.- As fontes do Dereito Público na Administración Local. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Os dereitos das persoas nas súas relacións coas administracións públicas.
- 4.- Os dereitos da persoa interesada no procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo común: Iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución.
- 5.- A provincia no réxime local. A Deputación de Lugo e as súas competencias. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.
- 6.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. Dereitos e deberes dos empregados públicos. O código de conduta. Principios éticos e de conduta. A responsabilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS

- 7.- O Modelo de atención centrada na persoa na atención e coidados sociosanitarios. O rol do profesional de terapia ocupacional neste modelo.
- 8.- Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia. Dereitos sanitarios relacionados coa: integridade e intimidade da persoa; co acompañamento do/a paciente; coa autonomía de decisión; confidencialidade e información; coa documentación sanitaria. Dereitos relacionados coa prestación de servizos sanitarios por parte do Sistema Público de Saúde de Galicia.
- 9.- Autonomía da persoa e dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica. Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica: o dereito de información sanitaria; o dereito á intimidade; o respecto da autonomía do/a paciente; a historia clínica. O consentimento informado.
- 10.- Definicións de terapia ocupacional segundo a Federación Mundial de Terapia Ocupacional (WOFT), o Comité europeo de Terapia Ocupacional (COTEC) e a Organización Mundial da Saúde (OMS). Código de ética de terapia ocupacional.
- 11.- Historia da terapia ocupacional: orixes, promotores, principios e feitos históricos. Terapia ocupacional en España, orixes e desenvolvemento. Institucións e desenvolvemento profesional. Competencias da terapia ocupacional.
- 12.- Regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores: requisitos mínimos de persoal e condicións técnicas. RUEPSS, rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios de Galicia, etc.
- 13.- A atención xerontolóxica centrada na persoa. Historia e proxecto de vida. O Plan de atención individual nos centros de atención ás persoas maiores. A folla de ruta persoal.
- 14.- Análise da actividade. Aplicación da actividade con fins terapéuticos. Actividades da vida diaria. Definición e clasificación. A súa relación coa terapia ocupacional: relación terapéutica entre a persoa maior e o profesional da terapia ocupacional. Instrumentos de valoración.
- 15.- Terapia Ocupacional en xerontoloxía e coidados básicos no maior. Valoración xerontolóxica integral (valoración clínica, mental, funcional e social). Planificación e intervención nos diferentes niveis asistenciais en xerontoloxía. Intervención domiciliaria nas síndrome xeriatricas de maior prevalencia. Atención as persoas coidadoras.

16.- Os equipos interdisciplinar terapéuticos. Papel do terapeuta ocupacional nas equipas terapéuticas e as achegas á valoración xerontolóxica integral dende a súa disciplina. A relación terapéutica na intervención ocupacional.

17.- Avaliacións da función física. Métodos e instrumentos de valoración articular. Arco de movemento articular. Goniómetro. Métodos e instrumentos de valoración muscular. Exame muscular manual. Escalas de cualificación. Métodos e instrumentos de valoración da forza manual e pinza dixital. Dinamómetro. Pinzómetro.

18.- Métodos e instrumentos para valoración sensitiva e sensorial. Tacto superficial. Dor. Temperatura. Parestesia. Tacto en movemento. Discriminación de dous puntos estáticos e en movemento. Esterognosia. Propriocepción. Cinestesia. Monofilamentos. Procedementos.

19.- Actividades da vida diaria: definición e clasificación. Instrumentos estandarizados para a súa valoración. Avaliación funcional. ABVD, AIVD, AAVD e escalas ou índices habituais de medición.

20.- Terapia ocupacional na dor crónica non oncolóxica. Escalas de valoración da dor. Planificación e intervención en pacientes pluripatolóxicos e crónicos. Colaboración nas escolas de pacientes. Abordaxe non farmacolóxica.

21.- Terapia ocupacional en cuidados paliativos. Equipo de soporte de cuidados paliativos. Atención integral non farmacolóxica.

22.- Produtos de apoio. Definición. Clasificación. Indicacións en distintas patoloxías.

23.- Ortesis. Concepto, funcións e mecanismo de acción. Clasificación internacional segundo a Asociación Mundial da Man. Propiedades dos materiais máis utilizados na súa confección.

24.- Valoración, planificación e intervención en procesos reumatolóxicos: Artrite reumatoide: Valoración e intervención. Protección articular. Ergonomía. Exercicio e actividade. Ortesis e produtos de apoio. Melloría da capacidade funcional no fogar, o traballo e o lecer. Relaxación, dor e control do estrés.

25.- Valoración, planificación e intervención en procesos reumatolóxicos.: Artrose: Valoracións funcionais, do fogar e do traballo. Tratamento: protección articular e conservación da enerxía. Adestramento das AVD e produtos de apoio. Adaptacións do fogar e do traballo. Intervención despois da cirurxía de substitución articular.

26.- Valoración, Planificación e intervención da Terapia Ocupacional na enfermidade cardíaca e respiratoria. Función do terapeuta ocupacional. Terapia das limitacións funcionais permanentes. Optimización do funcionamento físico. Técnicas de conservación da enerxía. Prevención de problemas futuros.

27.- Prevención e tratamento da inestabilidade e as caídas. Intervención en terapia ocupacional. Medidas de prevención individuais e colectivas. Programas de actividade física nas persoas maiores. Eliminación de barreiras e deseño de espazos terapéuticos.

28.- A terapia ocupacional en xerontoloxía. Actividades adecuadas para o fomento da autonomía persoal. O papel do xogo nas actividades de Terapia Ocupacional. A psicomotricidade como actividade da terapia ocupacional. Calidade de vida na vellez. A promoción da autonomía persoal.

29.- Intervención non farmacolóxica en terapia ocupacional. Normativa estatal e autonómica sobre suxeicións. Clasificación das suxeicións e medidas a aplicar para eliminalas e procurar estar libre de suxeicións. En caso de ter que aplicarlas, procedemento máis axeitado, valoración da medida, e procedemento de seguimento.

30.- Novas tecnoloxías na terapia ocupacional. A aplicación práctica coas persoas maiores.

Lugo, 30 de decembro de 2024.- O SECRETARIO XERAL, P.S. Secretaría-Interventora do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, Montserrat Conde López.

R. 4210

Anuncio

NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, TRES (3) PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVO/A, GRUPO C – SUBGRUPO C1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 (TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE O ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO).

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 27 de decembro de 2024, adoptou entre outros o seguinte acordo, que se reproduce de xeito literal:

“As bases xerais que regulan (xunto coas bases específicas), os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – IB) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de Decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso-oposición, acceso libre publicáronse no BOP núm. 224, do 29.09.2022.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, tres (3) prazas de Administrativo da escala de administración xeral, subescala administrativo, grupo C – subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario, correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), fixéronse públicas no BOP núm. 224, do 29.09.2022.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditada polas persoas aspirantes propostas a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento nomeando como funcionaria de carreira a:

Dona Laura Varela Suárez, para ocupar a praza número 43, denominada **Administrativo/a**, escala administración xeral, subescala administrativo, grupo C – subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), convocada pola cota xeral, adxudicándolle o posto de traballo denominado Administrativo/a Entrada número 1412, vinculado á citada praza.

Dona Masiel Vázquez Losada, para ocupar a praza número 494, denominada **Administrativo/a**, escala administración xeral, subescala administrativo, grupo C – subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), convocada pola cota xeral, adxudicándolle o posto de traballo denominado Administrativo/a Entrada número 726, vinculado á citada praza.

Dona Rebeca González Casar, para ocupar a praza número 33, denominada **Administrativo/a**, escala administración xeral, subescala administrativo, grupo C – subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), convocada pola cota xeral, adxudicándolle o posto de traballo denominado Administrativo/a Entrada número 1413, vinculado á citada praza.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 30 de decembro de 2024.- O SECRETARIO XERAL, P.S. Secretaría-Interventora do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, Montserrat Conde López.

R. 4211

Anuncio

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTE AO ANO 2024.

Por resolución da presidencia de data 27 de decembro de 2024, aprobouse a Oferta de Emprego Público da Deputación Provincial de Lugo, correspondente ao ano 2024, e os criterios que rexerán nela, co seguinte contido:

“Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

1. ANTECEDENTES:

O artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), o artigo 204 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia e o artigo 128.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, establecen que as Entidades Locais aprobarán e publicarán, dentro do prazo dun mes desde a

aprobación do Orzamento, a Oferta de Emprego Público (OEP) de conformidade cos criterios fixados pola normativa básica estatal.

O artigo 34.1. g) da LRBRL, sinala que lle corresponde ao Presidente da Deputación aprobar a Oferta de Emprego Público de acordo co Orzamento e o Cadro de Persoal aprobados polo Pleno.

O Orzamento vixente da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2024 foi aprobado inicialmente polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o 28.11.2023. Posteriormente, foi aprobado definitivamente tras transcorrer o prazo de información pública, sendo publicado no BOP núm. 298 do 30.12.2023, entrando en vigor o 01.01.2024, e a través daquel, os Cadros de Persoal funcionario e laboral desta Entidade, no que constan, entre outros contidos, as prazas vacantes dotadas orzamentariamente que se inclúen na proposta de Oferta de Emprego para 2024.

2. NORMATIVA ESPECÍFICA REGULADORA DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO:

O artigo 70 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), establece:

“Oferta de Emprego Público.

1. As necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proverse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da Oferta de Emprego Público, ou a través doutro instrumento similar de xestión da provisión das necesidades de persoal, o que comportará a obriga de convocar os correspondentes procesos selectivos para as prazas comprometidas e ate un 10% adicional, fixando o prazo máximo para a convocatoria dos mesmos. En todo caso, a execución da Oferta de Emprego Público ou instrumento similar deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos.

2. A Oferta de Emprego Público ou instrumento similar, que se aprobará anualmente polos órganos de Goberno das Administracións Públicas, deberá ser publicada no Diario Oficial correspondente.

3. A Oferta de Emprego Público ou instrumento similar poderá conter medidas derivadas da planificación de recursos humanos.”

O artigo 20 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, baixo o epígrafe Oferta de Emprego Público, contratos e nomeamentos temporais do persoal do sector público, establece, no que entendemos aplicable a Administración Local:

“Un. Oferta de Emprego de Galicia.

1. A incorporación de persoal de novo ingreso cunha relación indefinida no sector público, a excepción dos órganos contemplados no apartado Un.e) do artigo anterior, levarase a cabo a través da Oferta de Emprego Público, como plasmación do exercicio da planificación nun marco plurianual.

2. As sociedades mercantís públicas e entidades públicas empresariais, fundacións do sector público e consorcios participados maioritariamente polas Administracións e Organismos que integran o sector público, rexeranse polo establecido nas disposicións adicionais vixésima primeira, vixésima segunda e vixésimo terceira.

3. A configuración concreta da Oferta de Emprego Público levarase a cabo a través da taxa de reposición de efectivos, instrumento con que se concreta a planificación e se lle outorga dimensión en termos de efectivos con respecto da plantilla actual, así como a través do resto de medidas contidas neste artigo.

Dous. Articulación da Oferta de Emprego Público.

1. A Oferta de Emprego Público articularase a través das seguintes taxas de reposición de efectivos:

a) Nos sectores prioritarios a taxa será do 120 por cen e nos demais sectores do 110 por cen.

b) As entidades locais que tivesen amortizada a súa débeda financeira ao 31 de decembro do exercicio anterior terán un 120 por cen de taxa en todos os sectores. ”. (...)

2. As Administracións Públicas deberán ter en conta as prazas de persoal interino vacante e persoal laboral temporal por vacante nomeados no ano 2023.

En todo caso, as vacantes ocupadas por este persoal deberán incluírse na Oferta de Emprego Público correspondente ao exercicio en que se produce o seu nomeamento e, si non fóra posible, na seguinte, salvo que se decida a súa amortización.

3. Considéranse sectores prioritarios a efectos da taxa de reposición:

(...)

4. Cada Administración poderá autorizar, con carácter extraordinario, una taxa específica que sexa necesaria para dar cumprimento do obxectivo previsto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, de que a temporalidade no emprego público non supere o 8 por cento das prazas de natureza estrutural en cada un dos seus ámbitos, sempre que veña xustificada de acordo co instrumento de planificación plurianual con que deberá contar.

5. En todo caso, a Oferta de Emprego Público deberá atermarse ás dispoñibilidades orzamentarias do capítulo correspondente aos gastos de persoal do orzamento de gastos.

Tres. Regras para a aplicación da taxa de reposición de efectivos.

1. Para calcular a taxa de reposición de efectivos a porcentaxe de taxa máximo autorizado aplicarase sobre a diferenza entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentarios anterior, deixaron de prestar servizos e o número de empregados fixos que se houberan incorporado no referido exercicio, por calquera causa salvo os supostos previstos no apartado tres.4, ou reingresado desde situacións que non conleven a reserva de postos de traballo.

A estes efectos computaranse os ceses por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo, ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa.

Igualmente, teranse en conta as altas e baixas producidas polos concursos de traslados a outras Administracións Públicas (...).

2. A taxa resultante das regras do número anterior poderá incrementarse coa derivada das altas e baixas rexistradas durante o exercicio en curso, ata a data de aprobación da oferta, o que deberá facerse constar na propia Oferta de Emprego Público. Para elo a oferta deberá aprobarse dentro do primeiro semestre do exercicio. Ditas prazas restaranse da taxa de reposición do exercicio seguinte.

3. A validez da taxa autorizada estará condicionada, de acordo co artigo 70 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

a) A que as prazas se inclúan nunha Oferta de Emprego Público que deberá ser aprobada polos órganos de Goberno das Administracións Públicas e publicarse no boletín oficial da provincia, da comunidade autónoma ou, no seu caso, do Estado, antes da finalización de cada ano.

b) A que a convocatoria das prazas se publique no diario oficial da provincia, comunidade autónoma ou, en seu caso, do Estado, debendo asegurar a súa execución no prazo máximo de tres anos.

As prazas non cubertas durante a execución dunha convocatoria poderán convocarse novamente sempre que non transcorreran máis de tres anos desde a publicación da Oferta de Emprego Público que as houbera autorizado. A nova convocatoria deberá identificar as prazas que proceden de convocatorias anteriores e a oferta á que corresponden. Esta previsión será aplicable ás convocatorias de procesos selectivos derivadas de Ofertas de exercicios anteriores a 2023, incluídas as que xa foran publicadas.

4. Non computarán para a taxa de reposición e, por tanto, non se terán en conta para o seu cálculo:

a) As prazas que se cubran como consecuencia da incorporación de persoal en execución de ofertas de emprego público de exercicios anteriores.

b) As prazas que se convoquen por promoción interna, nin os ceses derivados de ditos procesos, (...).

c) As prazas correspondentes ao persoal declarado indefinido non fixo por sentenza xudicial.

(...)

f) As prazas necesarias para a posta en marcha e funcionamento de novos servizos cuxo establecemento veña imposto en virtude dunha norma estatal, autonómica ou local.

g) Nos servizos públicos que pasen a ser prestados mediante xestión directa, o número de prazas que as empresas externas destinaban á prestación dese servizo concreto.

(...)

Catro. Acumulación e cesión de taxa.

1. A taxa de reposición dun ou varios sectores ou colectivos prioritarios poderase acumular noutros sectores ou colectivos prioritarios. Igualmente, a taxa de reposición dos sectores no prioritarios poderase acumular nos sectores prioritarios. As entidades locais que tiveran amortizada a súa débeda financeira a 31 de decembro do exercicio anterior poderán acumular a súa taxa de reposición indistintamente en calquera sector.

2. Igualmente, as Administracións Públicas poderán ceder taxa ás Universidades da súa competencia e as Universidades Públicas poderán cederse taxa entre elas, con autorización das Administracións Públicas das que dependen.

3. Non se autoriza a cesión de taxa de reposición das Administracións Públicas as súas sociedades mercantís públicas, entidades públicas empresariais e fundacións. Poderase ceder taxa de reposición aos consorcios por parte das Administracións e demais entidades que participen no consorcio.

4. Como excepción, o sector público poderá ceder parte da súa taxa de reposición ás fundacións públicas que teñan a condición de axentes de execución do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación ou que

realicen proxectos de investigación, sempre que a taxa de reposición que se ceda se dedique aos citados proxectos.

5. Cando se acordara, por convenio ou por calquera outro instrumento xurídico, a xestión do servizo por unha Administración distinta da titular do servizo, esta poderá ceder taxa de reposición á Administración que realiza a prestación. Ademais, as entidades locais poderán ceder taxa a entidades locais supramunicipais nas que participen.

6. Nos supostos nos que se produza acumulación da taxa de reposición, a publicación da oferta de emprego público do organismo que a cede e do que a recibe, deberá conter o número de prazas, así como o sector ou colectivo obxecto desa acumulación.

Cinco. Limitacións á contratación temporal.

1. A contratación de persoal laboral, así como os nomeamentos de personal funcionario estatutario realizaranse con carácter fixo, indefinido ou permanente, según proceda.

Non se poderá contratar persoal temporal, nin realizar nomeamentos de persoal estatutario temporal e de persoal funcionario interino excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, nos supostos e de acordo coas modalidades previstas polo texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, na súa redacción dada polo Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na súa redacción dada pola Lei 20/2021, de 28 de decembro, así como no resto de normativa aplicable.

(...)

Sete. Seguimento da Oferta de Emprego Público.

Co fin de permitir o seguimento da Oferta, as Comunidades Autónomas e as Universidades Públicas deberán remitir al Ministerio de Hacienda y Función Pública, a través de la Secretaría de Estado de Función Pública:

a) Unha certificación, que se enviará no mes de xaneiro, co número de baixas e altas tidas en conta no cálculo da taxa de reposición, incluídas as producidas por concursos de traslado como consecuencia dos procedementos de mobilidade voluntaria entre distintas Administracións Públicas no ano inmediato anterior.

b) A Oferta de Emprego Público publicada no exercicio.

c) Calquera outra información que lles sexa requirida para realizar dito seguimento.

d) No caso da taxa específica á que se refire o apartado dous.4, e nos termos previstos polo citado precepto, será preciso remitir o instrumento de planificación que ampare a aplicación da taxa, así como certificado que identifique as prazas afectadas.

e) Así mesmo, no caso de ofertas de emprego público derivadas de procesos de estabilización, co el fin de permitir o seguimento da oferta, as Administracións Públicas deberán certificar ao Ministerio de Facenda e Función Pública, a través da Secretaría de Estado de Función Pública, o número de prazas estruturais ocupadas de forma temporal existente en cada un dos ámbitos afectados.

Nove. Carácter básico do artigo. Os apartados uno, dous, tres, cinco e sete deste artigo teñen carácter básico e dítanse ao amparo dos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución.

Así mesmo o artigo 37.1 do EBEP, sinala:

“Materias obxecto de negociación.

1.- Serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada Administración Pública, e co alcance que legalmente proceda en cada caso, as materias seguintes:

(...)

l) Os criterios xerais sobre ofertas de emprego público

(...)”.

O artigo 10.4 do EBEP sinala tamén:

“No suposto previsto na letra a) do apartado 1 deste artigo (existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira, por un máximo de tres anos), as prazas vacantes desempeñadas por persoal funcionario interino deberán ser obxecto de cobertura mediante calquera dos mecanismos de provisión ou mobilidade previstos na normativa de cada Administración Pública. Non obstante, transcorridos tres anos dende o nomeamento do persoal funcionario interino producirase o fin da relación de interinidade, e a vacante só poderá ser ocupada por persoal funcionario de carreira, salvo que o correspondente proceso selectivo quede deserto, en cuxo caso poderá efectuar outro nomeamento de persoal funcionario interino.

Excepcionalmente, o persoal funcionario interino poderá permanecer na praza que ocupe temporalmente, sempre que se haxa publicado a correspondente convocatoria dentro do prazo dos tres anos, a contar dende

a data de nomeamento do funcionario interino e sexa resolta conforme aos prazos establecidos no artigo 70 do TREBEP. Neste suposto poderá permanecer ata a resolución da convocatoria, sen que o seu cese de lugar a compensación económica.

(...)”

3. ACORDOS DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN (MXN):

Analizadas as necesidades de recursos humanos da Deputación Provincial de Lugo, constátase que:

- Nos Cadros de persoal funcionario e laboral desta Entidade, aprobados con ocasión da aprobación dos Orzamentos da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2024, existen as prazas vacantes que se relacionan a continuación e na Relación de Postos de Traballo (RPT) vixente constan os postos de traballo que se corresponden coas citadas prazas e as prazas e postos ás que se fai referencia están dotados orzamentariamente.
- Conforme aos antecedentes que constan no Servizo de Recursos Humanos, a Taxa de Reposición de Efectivos para o ano 2024, calculada de acordo ao establecido no artigo 20. Tres da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, ascende a dezaseis (16) efectivos. Esta cifra non supera o límite máximo do 110 % sobre a diferenza entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentarios anterior (2023), deixaron de prestar servizos e o número de empregados fixos que se houberan incorporado no referido exercicio, por calquera causa, agás os supostos previstos no apartado tres. 4, ou reingresado desde situacións que non con levan a reserva de postos de traballo. A estes efectos computáronse os ceses por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo, ou calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa. Igualmente, tivéronse en conta as altas e baixas producidas polos concursos de traslados a outras Administracións Públicas.
- En cumprimento do establecido nos artigos 36.3 e 37.1 l) do Real Decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) someteuse á consideración da Mesa Xeral de Negociación Común (persoal funcionario e persoal laboral) da Deputación Provincial de Lugo, en sesións celebradas os días 08.11.2024 e 14.11.2024. Tras as oportunas deliberacións coas organizacións sindicais que compoñen o bando social de dito órgano de participación, as propostas foron aprobadas pola maioría das representacións sindicais.

Á vista de todo o sinalado, os criterios e contido da Oferta de Emprego Público da Deputación Provincial de Lugo, correspondente ao ano 2024, fórmulase nos seguintes termos:

1º. Criterios que rexerán na OEP:

1. A OEP da Deputación Provincial de Lugo conterà as prazas de persoal de novo ingreso (quenda libre).
2. A quenda de acceso libre incluírá o 110 % da Taxa de Reposición de Efectivos (TRE), conforme ao previsto no artigo 20.Dous.a) da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, e inclúe un total de DAZASEIS (16) prazas na Deputación Provincial de Lugo. Dentro deste criterio, inclúense ás prazas que están sendo desempeñadas en réxime de interinidade, e dentro desas aquelas que permitan completar a totalidade de efectivos de cada unha delas, de xeito que, chegado o momento, permita convocar todas as vacantes dunha mesma praza.
3. Conforme ao sinalado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, o sistema selectivo de acceso ás prazas de persoal de novo ingreso, tanto da quenda libre como de cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, será de oposición libre para as prazas pertencentes ás Subescalas Técnica, Administrativa e Auxiliar da escala de Administración Xeral e de concurso- oposición libre para as prazas da Subescala de Subalterna da Escala de Administración Xeral e das prazas pertencentes á Escala de Administración Especial.
4. Tendo en conta que na OEP 2024 foi incluída unha praza polo cupo de reserva para persoas con discapacidade (artigo 59.1 do EBEP), e que o número de prazas que está previsto ofertar, derivadas da Taxa de Reposición de Efectivos, non alcanza para poder completar unha praza na OEP deste ano; a fracción resultante deste ano terase en conta para que se compute no cálculo do próximo ano, a efectos de cumprir o mandato de incluír o 7% das prazas vacantes ofertadas pola quenda de acceso libre para seren cubertas entre persoal con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% (a reserva do mínimo do 7% realizarase de xeito que, alo menos, o 2% das prazas ofertadas sexa para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual).
5. No non expresado nos puntos anteriores, a Administración rexerase polas normas en vigor e polos criterios que considere máis axeitados dentro das súas potestades de planificación, programación e autoorganización.

2º. Contido da OEP 2024 da Deputación Provincial de Lugo:**I. PRAZAS DE ACCESO LIBRE**

I A) TAXA ORDINARIA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS : Dezaseis (16) prazas

IA) 1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO: Trece (13) prazas

- CUPO XERAL: Doce (12) prazas

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA/SUBESCALA
A-A1	985	VETERINARIO/A	1.767	VETERINARIO/A ENTRADA	Escala administración especial, clase técnicos superiores
A-A1	856	LETRADO/A	1.341	LETRADO/A ENTRADA	Escala administración especial, clase técnicos superiores
A-A2	998	TERAPEUTA OCUPACIONAL	1.780	TERAPEUTA OCUPACIONAL ENTRADA	Escala administración especial, clase técnicos medios
A-A2	1027	TRABALLADOR/A SOCIAL	1.814	TRABALLADOR/A SOCIAL ENTRADA	Escala administración especial, clase técnicos medios
A-A2	1026	FISIOTERAPEUTA	1.813	FISIOTERAPEUTA ENTRADA	Escala administración especial, clase técnicos medios
C-C1	1014	ADMINISTRATIVO/A ADMÓN. XERAL	1.796	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala administración Xeral, subescala administrativa
C-C1	492	ADMINISTRATIVO/A ADMÓN. XERAL	1.829	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala administración Xeral, subescala administrativa
C-C1	1019	ADMINISTRATIVO/A ADMÓN. XERAL	1.801	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala administración Xeral, subescala administrativa
C-C1	1020	ADMINISTRATIVO/A ADMÓN. XERAL	1.802	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala administración Xeral, subescala administrativa
C-C2	41	AUXILIAR ADMÓN. XERAL	26	AUXILIAR ENTRADA	Escala administración Xeral, subescala auxiliar
C-C2	12012	AUXILIAR ADMÓN. XERAL	1.833	AUXILIAR ENTRADA	Escala administración Xeral, subescala auxiliar
C-C2	2090	AUXILIAR ADMÓN. XERAL	458	AUXILIAR ENTRADA	Escala administración Xeral, subescala auxiliar

- CUPO RESERVA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (ARTIGO 59.1 DO EBEP): Unha (1) praza

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA/SUBESCALA
C-C2	903	AUXILIAR DE SALA	1.467	AUXILIAR SALA ENTRADA	Escala administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais

IA) 2 RÉXIME XURÍDICO LABORAL: Tres (3) prazas

- CUPO XERAL: Tres (3) prazas

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN
AP	3397	PEÓN/PEOA GRANXA	1.818	PEÓN/PEOA GRANXA ENTRADA
AP	3324	PEÓN/PEOA REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS	1.439	PEÓN/PEOA REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS
AP	3.348	PEÓN/PEOA REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS	1.727	PEÓN/PEOA REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS

II. PRAZAS DE PROMOCIÓN INTERNA: Oito (8) prazas

II A) RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO: Unha (1) praza

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA/SUBESCALA
C-C2	1035	AUXILIAR DE ARQUIVO	1.838	AUXILIAR DE ARQUIVO NIVEL II	Escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais

II B) RÉXIME XURÍDICO LABORAL: Sete (7) prazas

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN
A-A2	3.374	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A EN TELECOMUNICACIÓNS	1.746	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A EN TELECOMUNICACIÓNS NIVEL I
C-C1	3.359	TÉCNICO/A REALIZACIÓN	1.741	TÉCNICO/A REALIZACIÓN NIVEL I
C-C1	3.363	EDITOR/A VÍDEO	1.742	EDITOR/A VÍDEO NIVEL I
C-C1	3.368	CÁMARA PROFESIONAL- REPORTEIRO/A	1.743	CÁMARA PROFESIONAL-REPORTEIRO/A NIVEL I
C-C1	3.369	CÁMARA PROFESIONAL- REPORTEIRO/A	1.744	CÁMARA PROFESIONAL-REPORTEIRO/A NIVEL I
C-C1	3.370	CÁMARA PROFESIONAL- REPORTEIRO/A	1.745	CÁMARA PROFESIONAL-REPORTEIRO/A NIVEL I
C-C1	3.395	TÉCNICO/A PRODUCTOS AUDIOVISUAIS E REDES SOCIAIS	1.750	TÉCNICO/A PRODUCTOS AUDIOVISUAIS E REDES SOCIAIS

III. PRAZA CORRESPONDENTE AO PERSOAL DECLARADO INDEFINIDO NON FIXO POR SENTENZA XUDICIAL: Unha (1) praza

- CUPO XERAL: Unha (1) praza

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN
C-C2	3.398	COORDINADOR/A ACTIVIDADES DA ESCOLA DE PIRAGÜISMO	1.837	COORDINADOR/A ACTIVIDADES DA ESCOLA DE PIRAGÜISMO ENTRADA

Atendendo a canto antecede, propoño que pola Presidencia, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, resolva:

- Aprobar a Oferta de Emprego Público da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2024 co contido de prazas anteriormente enumeradas."

O que se fai público en cumprimento do determinado no artigo 70.2 do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, coa indicación de que a presente resolución pon fin á vía administrativa, polo que contra esta, as persoas interesadas poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a presidencia da Deputación Provincial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses dende a citada publicación, e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime procedente.

Lugo, 30 de decembro de 2024.- O SECRETARIO XERAL, P.S. Secretaría-Interventora do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, Montserrat Conde López.

R. 4212

CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Anuncio

O Pleno do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión celebrada o pasado día 28 de novembro de 2024, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral da Entidade para o exercicio 2025, por un importe global de 7.599.948,12 euros.

Devandito expediente permaneceu exposto ao público durante quince días hábiles, na Secretaria-Intervención do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, publicándose anuncio no Boletín Oficial da Provincia número 279 de 03 de decembro de 2024.

Aprobado definitivamente o Orzamento do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento para o exercicio 2025 xunto coa plantilla de persoal e relación-catálogo de postos de traballo en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo e demais disposicións concordantes, fanse públicos os seguintes extremos: resumo por capítulos do orzamento para 2025 (I), o cadro de persoal (II) e o réxime de aplicación e recursos (III):

I. ORZAMENTO 2025

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULO	IMPORTE EUROS	CAPÍTULO	IMPORTE EUROS
I IMPOSTOS DIRECTOS	0,00	I GASTOS DE PERSOAL	4.838.356,01
II IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00	II GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	1.132.978,46
III TAXAS, P. PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	1.204.223,36	III GASTOS FINANCIEROS	1.100,00
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	6.395.724,76	IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	0,00
V INGRESOS PATRIMONIAIS	0,00	V FONDO DE CONTIXENCIA	1.618.513,65
VI ENAXENACIÓN DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00	VI INVESTIMENTOS REAIS	9.000,00
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
VIII ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	VIII ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
IX PASIVOS FINANCIEROS	0,00	IX PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL ESTADO DE INGRESOS	7.599.948,12	TOTAL ESTADO DE GASTOS	7.599.948,12

II. CADRO DE PERSOAL E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

No citado acordo plenario, aprobáronse todos os documentos e anexos que comprenden o dito Orzamento, entre os que se inclúe o Anexo do Persoal, este último comprende tamén o cadro de persoal e relación de postos de traballo, polo que de conformidade co art. 127 do Texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril e disposicións concordantes, reproducécese a continuación de acordo co que se indica:

1. Funcionarios de carreira

DENOMINACIÓN	DOTACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	GRUPO	NÍVEL
			CATEGORÍA		
Secretaría- Intervención (*)	1	Habilitación estatal	Secretaría- Intervención	A	26
			Terceira	A1	
Técnico de xestión administrativa	1	Acumula DPL		A2	
Técnico de xestión administrativa	1	Xeral		A2	

Técnico de Administración Xeral	1	Xeral		A1	20
Administrativos	3	Xeral		C1	14

(*) Desempeñado en acumulación por Secretario Xeral adxunto da Deputación Provincial de Lugo

2. Persoal laboral fixo

DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	GRUPO	SITUACIÓN	XORNADA SEMANAL	FORMA DE PROVISIÓN
Coordinador de parques	1		VD		
Xefe de parque	6		O		Subrogado
Xefe de Quenda	36		O		Subrogado
Bombeiro	78		O		Subrogado

3. Persoal directivo

DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓN	GRUPO	SITUACIÓN	XORNADA SEMANAL	FORMA DE PROVISIÓN
Xerente	1		O	40 horas	Nomeamento

III. ENTRADA EN VIGOR DO ORZAMENTO E RÉXIME DE RECURSOS:

O Orzamento de 2025 desta Entidade, entrará en vigor, para a súa aplicación, unha vez producida a presente publicación consonte prevé a estes efectos o art. 169.5 do citado Texto Refundido da lei reguladora das Facendas Locais.

Contra a aprobación definitiva do dito Orzamento poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal e na forma e prazos que establece a estes efectos a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen que dita interposición implique, por si mesma, a suspensión do orzamento definitivamente aprobado ou a súa inexecución, así mesmo, poderán interpoñerse cantos outros recursos ou accións procedan en Dereito.

Lugo, 30 de decembro de 2024.- O SECRETARIO-INTERVENTOR DO CONSORCIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 4224

CONCELLOS

BURELA

Anuncio

A Sra. Alcadesa en uso das atribucións recollidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Vistos o o artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Rexime Local; o artigo 70 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; o artigo 20 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023; os artigos 48 e 204 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia e o artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Rexime Local.

Visto o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Rexime Local que confire á Alcaldía a competencia para aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno. Visto o punto primeiro, letra f), do Decreto 2023-0546 de 26 de xuño de 2023 conferindo delegación na Xunta de Goberno Local para a aprobación da oferta de emprego público de acordo co Orzamento. Vistos o artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; o artigo 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Rexime Local e os artigos 43 a 45, 114 a 118, 120 e 121 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Rexime Xurídico das Entidades Locais.

Vista a proposta da Alcaldía de aprobación da Oferta de Emprego Público do ano 2024.

Visto o informe xurídico da Secretaría municipal.

Visto o certificado de acordo da Mesa Xeral de Negociación do Concello de Burela de 30 de decembro de 2024.

Vista a proposta de resolución PR/2024/793 de 30 de decembro de 2024.

RESOLUCIÓN

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por medio de Decreto desta Alcaldía de 26 de xuño de 2023 no tocante á aprobación da Oferta de Emprego Público.

Segundo.- Aprobar a Oferta de Emprego Público do Concello de Burela para o ano 2024 que a continuación se detalla:

PROPOSTA OEP 2024	PERSOAL NOVO INGRESO	TIPO	VACANTES
	Administrativo/a C1	Funcionario/a	2

Terceiro.- Publicar a Oferta de Emprego Público para o exercicio 2024 na sede electrónica do Concello, no taboleiro e no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento.

Cuarto.- Comunicarlle á Administración do Estado e á Administración autonómica o presente acordo en cumprimento do previsto no artigo 56.1 LBRL.

Burela, 30 de decembro de 2024.- A ALCALDESA, María del Carmen López Moreno.

R. 4226

FRIOL

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 6/2024, (terceiro de competencia do Pleno), para crédito extraordinario e suplemento de crédito, dentro do vixente Orzamento municipal, polo acordo adoptado en sesión extraordinaria, celebrada o día tres de decembro de dous mil vinte e catro, por un importe total de CEN MIL EUROS (100.000,00 €), con cargo ao Remanente líquido de Tesourería dispoñible do exercicio anterior na data de aprobación deste expediente, para atender necesidades relativas a obras, servizos e subministros; de acordo co preceptuado e en cumprimento co disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento queda da seguinte forma:

ESTADO DE GASTOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A.- Operacións non financeiras				
A. 1 Operacións Correntes				
1	Gastos de Persoal	1.747.445,60	0,00	1.747.445,60
2	Gastos correntes en B. e Servizos	2.401.005,91	+ 54.433,17	2.455.439,08
3	Gastos financeiros	19.268,00	0,00	19.268,00
4	Transferencias correntes	162.821,17	0,00	162.821,17
5	Fondo de Continxencia	0,00	0,00	0,00
A. 2 Operacións de Capital				
6	Investimentos Reais	1.350.587,83	+ 45.566,83	1.396.154,66
7	Transferencias de Capital	56.400,00	0,00	56.400,00

B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	0,00	0,00	0,00
9	Pasivos Financeiros	0,00	0,00	0,00
Total		5.737.528,51	100.000,00	5.837.528,51

Modifícase o Anexo das Inversións do vixente Orzamento.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Friol, 27 de decembro de 2024.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 4206

LOURENZÁ

Anuncio

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o día de novembro de 2024, aprobou provisionalmente o expediente de modificación de "Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles (IBI).

Téndose publicado anuncio de exposición pública por prazo de 30 días no Boletín Oficial da Provincia de Lugo , n.º 264 , de 15 de novembro de 2024, sen que durante o devandito prazo se tivera formulado ningunha reclamación , consonte ó establecido no artigo 17.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais , aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2024, de 5 de marzo, enténdese definitivamente acadado o acordo ata entón provisional.Finalmente, de conformidade co preceptuado nos artigos 17.4 , 18 e 19.1 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2024 , de 5 de marzo, procédese á publicación do texto definitivo , podendo os interesados interpoñer contra o acordo de aprobación definitiva recurso contencioso – administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede na Coruña, no prazo de dous meses, que se computarán dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lourenzá, 30 de decembro de 2024.- A Alcaldesa , Rocío López García.

1.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DEL IMPUESTO SOBRE BIENES INMUEBLES.

Artículo 1º.-

De conformidade con lo previsto en el artículo 73 de la Ley 39/1988, de 28 de diciembre, el tipo de gravamen del Impuesto sobre Bienes Inmuebles aplicable en este Municipio, queda fijado en los términos que se establecen en el artículo siguiente.

Artículo 2º.

1.- El tipo de gravamen del Impuesto sobre Bienes Inmuebles, aplicable a los bienes de naturaleza urbana, queda fijado en el 0,70%.

2.- El tipo de gravamen del Impuesto sobre Bienes Inmuebles, aplicable a los bienes de naturaleza rústica, queda fijado en el 0,70%.

3.- El tipo de gravamen del Impuesto sobre Bienes Inmuebles, aplicable a los bienes de características especiales: 1,30%.

4.- Quedarán exentos de tributación en el Impuesto los recibos y liquidaciones correspondientes a Bienes Inmuebles:

a).- Urbanos en los que su cuota líquida sea inferior a seis (6) euros.

b).- Rústicos en el caso de que, para cada sujeto pasivo, la cuota líquida corresponde a la totalidad de los bienes rústicos poseídos en el término Municipal sea inferior a seis (6) euros.

Artículo 3º.-

En lo no expresamente previsto en la presente Ordenanza, regirán los preceptos contenidos en la Subsección 2ª de la Sección 3ª del Capítulo II, del Título II de la referida Ley 39/1988, concordantes y complementarios de la misma, y en las demás leyes del Estado reguladoras de la materia, así como en las disposiciones dictadas para su desarrollo.

Artículo 4º.- EXENCIONES E BONIFICACIONES.

Establécese a exención, a favor dos Centros Sanitarios de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde, do pagamento do Imposto sobre Bens Inmóbles de conformidade co previsto no artigo 62.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

4.1.1.-Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmóbles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ó sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego, que xustifiquen tal declaración, así como construcións destinadas unicamente a actividades agrarias o gandeiras.

No suposto de que nun mesmo inmóble existan ademais das construcións indicadas no parágrafo anterior outras construcións destinadas a un uso distinto das actividades agrarias ou gandeiras, aplicaráselle unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto.

Corresponderá ó Pleno, a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, previa solicitude dos suxeitos pasivos, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros, e producirá efectos o un de xaneiro do ano seguinte ao do recoñecemento da bonificación.

Entenderase por actividade agraria:

- a) O conxunto de traballos que se requiran para a obtención de produtos agrícolas e gandeiros ou para o mantemento das terras en boas condicións agrarias ou ambientais.
- b) A venda directa por parte de agricultores da produción propia sen transformación ou a primeira transformación desta, cuxo produto final estea incluído no Anexo I do Tratado de funcionamento da Unión Europea, dentro dos elementos que integran a explotación, en mercados municipais ou en lugares que non sexan establecementos comerciais permanentes.
- c) A actividade que implique a xestión ou a dirección e xerencia da explotación agraria. Enténdese por explotación agraria: o conxunto de bens e dereitos organizados empresarialmente pola persoa titular no exercicio da actividade agraria, primordialmente con fins de mercado, e que constitúe en si mesma unha unidade técnico-económica. Enténdese por explotación agraria de titularidade compartida, a unidade económica técnico-económica. Enténdese por explotación agraria de titularidade compartida a unidade económica sen personalidade xurídica que é constituída por un matrimonio ou parella unida por análoga relación de afectividade para a xestión conxunta da explotación agraria.

A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo e surtirá efecto a partir do período impositivo seguinte ó da resolución da dita solicitude.

4.1.2.-Para poder gozar desta bonificación os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Certificado actualizado de inscrición da explotación agraria no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.
- b) Declaración responsable do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo, de que está desenvolvendo a actividade agraria ou gandeira no inmóble para o que solicita a bonificación así como o Certificado do Ministerio de Facenda no que conste a situación censal do titular da actividade.
- c) Acreditación da titularidade catastral do inmóble (dito certificado poderá obterse no Punto de Información Catastral do Concello de Lourenzá).
- d) Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda do Estado, da Comunidade Autónoma, nin coa Seguridade Social nin con este concello.
- e) Xustificante ou indicación da Resolución ou acordo Xunta Goberno Local deste concello polo que se recoñeceu a preexistencia a 1 de xaneiro do 2003 das construcións, edificacións ou instalacións adicadas a explotacións agrarias, ao abeiro da derogada disposición transitoria 11ª da Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do Medio Rural de Galicia.
- f) Xustificante ou indicación Resolución ou acordo municipal de concesión de licenza de construción, edificación e instalación destinada a explotacións agrarias.
- g) No caso de edificacións, construcións e instalacións que non consten no recoñecemento da explotación, nin contén con licenza, deberá aportarse a acreditación fehaciente, por calquera medio admitido a Dereito, da data de terminación das obras.

Neste caso, o concello verificará que non se pode repoñer a legalidade urbanística e a conformidade do uso coa clasificación do solo que corresponda.

h) No caso de que o titular catastral das construcións, instalacións e obras referidos non se corresponda co titular da explotación que se desenvolva nelas, este deberá aportar ademais da documentación establecida nas letras a) e b) referida ó agricultor que use as edificacións, construcións e instalacións para a súa explotación, e a documentación que acredite a cesión do uso ou alugueiro dos referidos inmóbles.

4.1.3-O Concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ó respecto desta bonificación.

Os obrigados tributarios deberán comunicar no concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación do beneficio fiscal.

O órgano competente poderá declarar, previa audiencia do obrigado tributario, por un prazo de dez (10)días, contados a partir da notificación da apertura de dito prazo, se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a Administración coñeza por calquera medio a modificación das condicións ou requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

4.2.1.- Os inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas e empresariais que sexan declaradas de especial interese ou utilidade pública municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, poderán obter unha bonificación na cota do imposto.

4.2.2.- A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación corresponderá ao Pleno da Corporación co voto favorable da maioría simple dos seus membros previa solicitude do suxeito pasivo.

4.2.3.- A bonificación da cota será:

a) Ata un 95% para aqueles inmobles que desenvolvan unha actividade económica ou empresarial por implantación dunha nova empresa no termo municipal de Lourenzá, sempre e cando cree emprego.

b) Ata un 95% para aqueles inmobles que desenvolvan unha actividade económica ou empresarial pola ampliación dunha empresa que xa viña exercendo unha actividade económica ou empresarial en Lourenzá, sempre e cando implique a creación de emprego.

A porcentaxe de bonificación será a seguinte:

Creación de 1 a 10 postos de traballo.	50%
Creación de 11 a 20 postos de traballo	75%
Creación de máis de 20 postos de traballo	95%

As contratacións deberán ser indefinidas.

As bonificacións aplicaranse durante un máximo de tres períodos impositivos e farase efectiva o día 1º de xaneiro do ano natural seguinte ao da concesión deste beneficio fiscal.

4.2.4.- O beneficiario da bonificación será a persoa física, xurídica ou entidade do artigo 33.4 da Lei Xeral Tributaria que sexa no IBI o suxeito pasivo do ben inmueble afecto, sempre que aquel coincida co titular da actividade económica ou empresarial creadora do emprego.

Quedan excluídos da bonificación os IBI que recaian sobre bens inmobles arrendados.

Non poderá ser beneficiario de bonificación a persoa xurídica ou entidade do artigo 33.4 da LXT que tivera adoptado medidas de regulación do emprego nos 12 meses anteriores á formalización dos contratos de traballo.

4.2.5.-A declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como a porcentaxe de bonificación corresponderá ao Pleno da Corporación co voto favorable da maioría simple dos seus membros previa solicitude do suxeito pasivo.

4.2.6.- Tramitación no caso de execución de construción, instalación ou obra con carácter previo ao inicio da actividade.

O prazo da presentación da solicitude será dun mes dende o día seguinte ao da obtención do título habilitante para a realización da construción, instalación u obra, no caso de que fose precisa a realización de construción, instalación ou obra, con carácter previo ao inicio da actividade. Para a declaración do especial interese ou utilidade polo Pleno, xunto coa solicitude deberá achegarse xunto a seguinte documentación:

a) Poder de representación, no seu caso.

b) Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade, no Imposto sobre Actividades Económicas e no I.B.I.

c) Memoria xustificativa sobre o proxecto da actividade económica ou empresarial de nova creación ou de ampliación, na que constará a referencia catastral do inmueble afectado á actividade económica ou empresarial no que se realiza a construción, instalación ou obra; a creación de novos postos de traballo; a súa categoría profesional e a modalidade e duración da contratación.

d) Certificado de estar ao corrente coa Facenda Estatal, Autonómica, co Concello de Lourenzá e coa Seguridade Social.

e) Aqueloutra documentación que, motivadamente, sexa requirida polo Departamento de emprego do Concello de Lourenzá.

No prazo dun mes dende o remate da construción, instalación ou obra, que respectará o prazo concedido na licenza o suxeito pasivo deberá comunicar ao Concello, a finalización, achegando certificado de final de obra.

No prazo de dous meses dende a data mentada no parágrafo anterior, o suxeito pasivo deberá presentar a comunicación previa de inicio da actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio a actividade coa seguinte xustificación documental da xeración do emprego:

a) Informe de Vida Laboral das contas de cotización dende o inicio ou ampliación da actividade.

b) Relación dos traballadores contratados, con expresión do seu nome e apelidos, NIF, número de afiliación á Seguridade Social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.

c) Relación Nominais de Traballadores e Recibos de Liquidación das Cotizacións.

d) Copia dos contratos de traballo dos empregos creados.

e) No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o período de proba.

4.2.7.- Tramitación no caso de que non se realizase construción, instalación nin obra con carácter previo ó inicio da actividade:

4.2.7.1.- O prazo de presentación da solicitude será de dous meses dende a presentación da comunicación previa de inicio de actividade ou da obtención do título habilitante para o exercicio da actividade, achegando a seguinte documentación:

a) Poder de representación, no seu caso.

b) Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria no que conste a alta no municipio no epígrafe da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas e no I.B.I.

